

Valentín Paz-Andrade (Pontevedra, 1898; Vigo, 1987) foi un xurista, economista, político, empresario, escritor, poeta e xornalista galego.

A partir de 1942 dirixiu a revista *Industrias Pesqueras*. Avogado de prestixio, foi un dos impulsores do grupo industrial Pescanova, que converteu na primeira compañía armadora europea de buques conxeladores, e da que foi vicepresidente (1960). Traballou tamén como técnico da FAO, con que participou en diversos congresos e seminarios, e para a que publicou o primeiro tratado sobre *Principios de economía pesquera* (1954); ademais, foi o primeiro especialista español proposto por esta organización para misións internacionais en Hispanoamérica (Valparaíso, 1952; México, 1954; e Bogotá, 1955).

En 1958 publicouse en Bos Aires *Sistema económico de la pesca en Galicia* e en 1959, tamén en Bos Aires, “*Galicia como tarea*”, que recolle as conferencias ditadas dous anos antes no Centro Galego desta cidade.

En 1959 participa nun ambicioso proxecto empresarial para a creación dunha refinería de petróleo en Vigo, Petrogasa, que ó final non será autorizada. Este proxecto estaba apoiado economicamente por Manuel Cordo Boullosa, que pensaba destinar o 60% dos beneficios a crear "unha fundación pra axudar o melloramento cultural e social de Galicia". Participou en 1963 na creación dun Banco Industrial de Galicia, que finalmente non chegou a callar.

Resumo da súa obra

- Los puertos nacionales de pesca. Aportación de Vigo al estudio del problema (1928, Unión de Entidades Viguesas).
- Principios de economía pesquera (FAO, Santiago de Chile, 1954)
- Producción y fluctuación de las pesquerías (1954, Unesa).
- Sistema económico de la pesca en Galicia (1958, Editorial Citania, Buenos Aires).
- Los derechos sobre el espacio marítimo (1960, Ed. Reus) ISBN 978-84-290-0260-7.
- El capital como factor del desarrollo de Galicia (1970, Banco Noroeste, A Coruña).
- El concepto de zona económica en el nuevo derecho del mar (1974).
- Galicia como tarea (1959, Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires).
- La marginación de Galicia (1970, Siglo XXI, Madrid) ISBN 978-84-323-0027-1.